

CONSELLO DA CULTURA GALEGA
GALLAECIAE MONUMENTA HISTORICA

1356, agosto, 10. Lugo

613

Fernando Arias e a súa muller entréganlles ao bispo e á igrexa de Lugo uns casais en Santa María de Casa de Naia e outras herdades en Santa Cristina, San Pedro de Quirino e Santa María de Arcos, que lles deixou Henrique Sánchez. O bispo exímeos dos novos que debían.

MADRID, *AHN*, Cód. 417 B, fol. 50r, inclúe carta de poder: 1355-VIII-6, (CD n.º 611).

Sabeam quantos esta carta virem commo eu Fernan Aras de Tavoada, que presente estou, por min et por minna muller, Eldonça Peres, porque obligo a faser et por poder que aio della por huna procuraçon feyta en esta maneyra:

A continuación segue a carta de poder (CD n.º 611).

desenbargome et quitome para senpre iamays a vos, dom frey Pedro Lopes da orden dos preegadores, por la gracia de Deus et da santa iglesia de Roma, obispo de Lugo, et a vosa iglesia, dos casares d'Avoy con sua poua, os quaes son sub signo de Santa Maria de Cas de Naya, et das outras herdades que eu trago, que son desta vos, que iasen sub signo de Santa Christipna et de Sant Pedro de Quyrino et de Santa Maria d'Arcos, os quaes casares et poua et herdades son vosos, do dito sennor obispo, et da dita vosa iglesia, et vos perteesçen de os aver por rason que foron de Anrrique Sanches, que as deu a a dita vosa iglesia a pus morte de dona Lucha, et de todas las outras herdades que eu trago en qualquer maneyra que foron da dita dona Lucha por rason de compra ou d'outra maneyra qualquer. Et des oie este dia endeante ave de vos, o dito sennor obispo, et a dita vosa iglesia os ditos casares et poua et herdades livres et quitos et desenbarguados de nos et de toda nosa vos, et se d'aquí endeante tevermos ou pessuyrmos os ditos casares et poua et herdades, ou parte dellas, connoçemos et outorgamos que as teemos et pessuyrmos por vos et polla dita vosa iglesia precario. Et nos, o dito sennor obispo, asy reçeberos por esta presente carta os ditos casares et poua et herdades et iur et posison dellas para nos et para a dita nosa iglesia cuios son. Et por quanto vos, o dito Fernan Aras, et a dita vosa muller, Eldonça Peres, nos desenbarguades os ditos casares et poua et herdades, que sabedes que son nossa et da dita nosa iglesia, et nos non queredes sobrelo meter a custa nen a juyso, por vos fasermos merçee et por serviço, que nos fasedes et atendemos que nos façades, quitamos-vos todos los novos que nos devedes de tempo pasado dos ditos casares et poua et herdades, que nos non paguastes des aquel tempo que as tevestes ata aquí. Et eu, o dito Fernan Aras, por min et en nome da dita minna muller asy reço a dita merçee que vos, o dito sennor obispo, façades dos ditos novos dos ditos casares et herdades, et desenbargome por min et por la dita minna muller dos ditos casares et poua et herdades, et leyxoos a vos, o dito sennor obispo, et a a dita vosa iglesia, et o iur et a possison et propiedade dellas, por quanto soo çerto que eu et a dita minna muller, Eldonça Peres, que os husavamos et possuyamos en grant perigoo de nosas almas. Et nos, o dito sennor obispo, asy o reçeberos para nos et para a dita nosa iglesia, segundo dito he. Et que esto seia çerto et non venna en dulta nos as ditas partes rogamos et mandamos a Ruy Gonçalves, coengo, notario publico de Lugo, que fesesse ende esta carta.

Que fuy feyta en Ludo des dias d'agosto, era de mill et tresentos et noventa et quatro annos.

Testemoyas: Nuno Pellaes, avogado; Fernan Aras, raçoeyro; Jacome Guillelmes, notario; Fernan Gonçalves de Moreda; Fernan Peres, porteyro; Gonçalvo Peres, scrivam, et outros.

Et eu Ruy Gonçalves, coengo, notario publico de Lugo dado por auctoridade do bispo desse missmo lugar, a esto que sobredito he con as ditas testemoyas presente fuy, et a rogo et a mandado das ditas partes esta carta en minna presenza fis escribir et puge y meu signal en testemoyo de verdade.